



# JACOBO CARUNCHO PÉREZ

**XORNALISTA, DOENTE DE  
ESCLEROSE E PARTICIPANTE NO  
CLUB DE LECTURA QUEERUÑA**

*“Vou morrer? Vou quedar nunha cadeira de rodas? Foron as primeiras preguntas que, con 27 anos, lle fixen á neuróloga”.*

## UNHA DOBRE SAÍDA DO ARMARIO

### SOBRE MIN

O meu nome é Jacobo Caruncho, Jaco para os amigos e Caruncho para os compañeiros de profesión. Nacín en Vigo en 1988 e son o mediano de tres irmáns.

Eduqueime nun colexio de monxas, que me dicían aquilo de “*bendito ti es entre todas as mulleres*”, porque sempre estiven rodeado de rapazas. No patio prefería saltar á corda antes que xogar ao balón.

Cando chegou o momento de decidir que estudar, equivoqueime: comecei Tradución e Interpretación en Vigo e acabei graduándome en Xornalismo en Santiago de Compostela. Unha vez rematados os estudos, mudeime á Coruña por traballo e quedei aquí por amor. No 2015, angustiado porque algo raro lle pasaba ao meu corpo e os médicos non daban resposta, decidín mudarme a Bruxelas pensando que ía comer o mundo... pero o mundo devoroume a min.

### UN DIAGNÓSTICO ENTRE TANQUES E MILITARES

En novembro dese ano, mentres Europa se conmocionaba polos atentados da sala Bataclan en París, eu espertaba en Bruxelas angustiado porque non era capaz de ver o móbil para apagar a alarma: a miña visión estaba borrosa, coma se unha densa néboa cubrise todo. Acabei nun hospital rodeado de tanques e militares armados: Bruxelas estaba en alerta e eu só quería entender o que pasaba no meu corpo.

A miña fatiga, ansiedade, problemas de equilibrio, memoria ou visión recibiron por fin un diagnóstico: Esclerose Múltiple (EM). Unha enfermidade crónica e neurodexenerativa coñecida como “*a enfermidade das mil caras*”, porque pode manifestarse de moitas formas diferentes. Ás veces o meu corpo non responde ás ordes do meu cerebro para coller un vaso ou dar un paso. Como cando o móbil perde o wifi: router e móbil funcionan... pero a conexión falla.

Vou morrer? Vou quedar nunha cadeira de rodas? Foron as primeiras preguntas que, con 27 anos, lle fixen á neuróloga. Hoxe estou vivo, cunha vida máis ou menos normal, coa enfermidade controlada grazas á investigación. Porque o meu futuro depende da investigación, na que a intelixencia artificial está a xogar un importante papel.

O diagnóstico non foi o final, senón o inicio dunha nova etapa.

### EMPOSITIVO

“*Non busques nada en Internet*”, repetíanme en cada consulta. Pero necesitaba saber en que consistía a enfermidade que me acompañaría o resto da miña vida. A realidade da EM non era a que mostraban os medios nin as redes sociais: non é mortal, nin contaxiosa, nin leva necesariamente a unha cadeira de rodas. E, aínda que se asocia a xente maior, o diagnóstico adoita chegar a adultos novos.

Decidín abrir un blog para informar desde un punto de vista realista e veraz: EMPOSITIVO. Necesitaba entender o que me pasaba e, sen darme conta, comecei a axudar a outros a facelo tamén. Milleiros de persoas consultaban o blog a diario e abríronseme portas para participar en xornadas e congresos por toda España. Con todo, saín publicamente do armario da Esclerose Múltiple, cando a moita xente cústalle recoñecelo por medo ao rexeitamento e a que non se entendan os síntomas invisibles da enfermidade. Eu loitei por iso e a día de hoxe teño recoñecida unha discapacidade que ninguén ve... a non ser que eu decida contala.



### **UN AGASALLO EN FORMA DE CONCERTO**

Gústame falar da EM e normalizala, pero non centrarme no meu caso particular. Pero unha vez armeime de valor para falar diso nunha emisora de radio como parte dun concurso cuxo premio era un concerto privado de Amaral, o meu grupo favorito desde pequeno, a banda sonora da miña vida. E o universo sorríume e acabaron tocando no salón da miña casa xunto á miña familia e ás persoas máis queridas no que lembro como o día máis especial da miña vida.

### **‘MARICÓN’**

Co tempo aprendín que a EM non me define: é o que teño, non o que son. Pero son moitas outras cousas as que me definen. Porque a da EM non foi a miña única saída do armario. Durante a universidade decidín mostrarme como homosexual. Aquel neno que saltaba á corda xa o era. El non o sabía, outros crían que si, e encargáronse de dicirlllo ao grito de maricón. Un insulto que utilizaron os agresores de Samuel Luiz mentres o batían fronte á praia de Riazor o 2 de xullo de 2021 ata acabar coa súa vida.

Ese acontecemento marcou un antes e un despois. Espertou pantasmas do pasado, recordos menos agradables da miña infancia e adolescencia. Pero tamén me levou a abrir os ollos e implicarme na comunidade LGTBIQ+, participando activamente no festival de artes escénicas Corufest ou formando parte do club de lectura Queeruña. E é en parte, grazas a Samuel, que hoxe escribo estas liñas. E tamén á miña avoa. Pero esa historia queda por contar.